



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA

SERVIZO ACCION SOCIAL, CULTURAL E DEPORTES  
SERVIZOS SOCIAIS

Expedientes: 2024000032423  
2024000033184

## RESOLUCIÓN POLA QUE SE NOMEA O XURADO DO VI PREMIO “LUISA VILLALTA” A PROXECTOS POLA IGUALDADE

Don **VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña

De conformidade coas Bases reguladoras do premio, publicadas no BOP número 107 do 4 de xuño de 2024, e logo de ver os informes da Sección de Servizos Sociais e do Servizo de Fiscalización,

### RESOLVO:

1.- Aprobar a seguinte composición do xurado

**Preside:** María Soledad Agra Tuñas, Deputada delegada de Políticas de Igualdade de Xénero.

### Vogais:

Eva Ovenza Pereira, Técnica de igualdade da Deputación da Coruña

Adrián Manuel Gonçalves Barbosa, Sociólogo experto en metodoloxía da investigación e xénero. Técnico de igualdade e director do CIM de Arzúa, formador en igualdade, axente de igualdade no concello da Laracha e técnico de investigación social.

Ana Belén García Freijeiro, Licenciada na Facultade de Belas Artes, Universidade de Vigo, na especialidade de Deseño e Audiovisuais. 1998 ,Diploma de Estudios Avanzados (DEA). 2010. Na actualidade desenvolve o seu traballo na empresa privada, onde se desenvolven traballos desenvolve proxectos arredor da Igualdade como “Igual Son”, para a Xunta de Galicia; “Vivas e visibles” e “Sarria de todas as cores” para o concello de Sarria; “Memoria de elefanta”, “Mulleres de conto”, “Ambienta” e “Pinto e Maragota” no concello de Pontevedra; “Mulleres do Miño” no concello de A Pastoriza, “Gravadas na memoria” para a Deputación de Pontevedra, “Sinaladas” e “A memoria diversa” para a Deputación da Coruña.

### Secretaria

Manuela Muñiz Souto, xefa do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes ou, no caso da súa ausencia, Carolina Buhigas Jack, xefa da Sección de Servizos Sociais.

2.- Fixar os honorarios, que se abonarán ás persoas do xurado despois da retención do IRPF correspondente, con cargo á partida 0611/23122/22699 do vixente orzamento 2024, documento contable A con número de operación 220240034631.

Número expediente	Nome e apelidos	NIF	Base liquidable
2024000032423	Adrián Manuel Gonçanves Barbosa	***4610**	1.000,00 €
2024000033184	Ana Belén García Freijeiro	***1665**	1.000,00 €

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor, alternativamente, recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA**

**SERVIZO ACCION SOCIAL, CULTURAL E DEPORTES  
SERVIZOS SOCIAIS**

**Expedientes:** 2024000032423  
2024000033184

teña o seu domicilio o recorrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.